APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL 2023

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 3 de abril de 2023 aprobou inicialmente o proxecto de orzamentos para 2023, a plantilla de persoal e as bases de execución de dito orzamento, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Transcurrido dito prazo sin que se houberen presentado reclamacións, o orzamento considerarase definitivamente aprobado.

Abadín, 4 de abril de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 1017

ALFOZ

Anuncio

RESOLUCIÓN.-

Conforme ao establecido nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021), cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, e transcurrido o prazo outorgado para alegacións ou emendas de deficiencias en relación á lista provisional de admisións e exclusións publicada no BOP número 61 de data 15 de marzo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder a aprobar a **lista definitiva** de aspirantes admitidos e excluídos para cada un dos postos de traballo ofertado, coa indicación das causas de exclusión e indicando se é ou non emendable:

PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO (ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL)

Admisións:

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	FERNÁNDEZ DÍAZ	MARIA JOSELINA	***9896**
2	GEADA GARCÍA	ELVIRA	***9350**
3	RODRÍGUEZ CABAÑAS	MIGUEL	***3652**

Exclusións:

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN
1	GARCIA TORRES	MARIA ELISA	***2678**	O DNI presentado coa solicitude que se requiría na base 5.2 das bases xerais non é orixinal - con código de verificación, nin copia electrónica auténtica, tal como esixía a base 5.1 e non formulou alegación en prazo.

PRAZA: EDUCADOR/A FAMILIAR

Admisións:

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	BARREIRA CHAO	MARIA TATIANA	***9628**
2	PEDRIDO RODRÍGUEZ	LUCÍA	***7308**
3	VILLALBA NOVO	SARA	***8235**

Exclusións:

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN
1	MARTÍNEZ LÓPEZ	CRISTINA	***8469**	A documentación presentada coa solicitude que se requiría na base 5.2 das bases xerais non é orixinal - con código de verificación, nin copia electrónica auténtica, tal como esixía a base 5.1 e non formulou alegación en prazo.

PRAZAS: AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (XORNADA PARCIAL 50%)**Admisións:**

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	RUBAL DÍAZ	CRISTINA	***3781**
2	VEIGA CANTO	MARIA LOURDES	***5203**
3	PERNAS ROMERO	JOSEFA	***5622**
4	PEDREIRA LORENZO	MARIA DOLORES	***9452**

Exclusións: Ningunha.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación no BOP da listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

Alfoz, 4 de abril de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1018

*Anuncio***RESOLUCIÓN.-**

Conforme ao establecido nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema de concurso-oposición, acceso libre, e e transcorrido o prazo outorgado para alegacións ou emendas de deficiencias en relación á lista provisional de admisións e exclusións publicada no BOP número 61 de data 15 de marzo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder a aprobar a **lista definitiva** de aspirantes admitidos e excluídos para cada un dos postos de traballo ofertado, coa indicación das causas de exclusión:

PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO - ANIMADOR TURÍSTICO (50% XORNADA)**Admisións:**

	NOME	APELIDOS	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	MARTA	PERNAS QUIROGA	***4424**

2	ELVIRA	GEADA GARCÍA	***9350**
3	ZAIRA DEL CARMEN	FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	***9290**
4	ANA	PERNAS VAL	***8253**

Exclusións:

	NOME	APELIDOS	DNI/ Pasaporte/ NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN
1	MARÍA	TAIBO PAZ	***0752**	A documentación presentada coa solicitude que se requiría na base 5.2 das bases xerais non é orixinal - con código de verificación, nin copia electrónica auténtica, tal como esixía a base 5.1 e non formulou alegación en prazo.

PRAZA: OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES**Admisións:**

	NOME	APELIDOS	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	LUCÍA	EXPÓSITO PÉREZ	***8256**
2	PEDRO	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	***2016**
3	PEDRO	VAL EXPÓSITO	***6631**

* Pedro Fernández Martínez e Pedro Val Expósito non acreditan estar en posesión do CELGA 1 polo que terá que realizar a proba de galego.

Exclusións: Ningunha.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación no BOP da listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

Alfoz, 4 de abril de 2022.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1019

MEIRA
Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 193/2023, de data 3 de abril de 2023, se prestou aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2023, na modalidade de SAF básico e dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de

exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 3 de abril ao 3 de xuño de 2023.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 3 de abril de 2023.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1020

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Bases que rexen a provisión en propiedade unha praza de Capataz-Electricista como persoal laboral fixo.

I. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección de:

1 Praza: Laboral fixo Capataz Electricista

Sistema selectivo: Oposición Libre.

Grupo: E

A persoa seleccionada será contratada como persoal laboral fixo, para cubrir a vacante no posto de Capataz Electricista para o desempeño de funcións establecidas para dito posto, así como outras tarefas xenéricas. Todo iso sen prexuízo do desenvolvemento das demais funcións que legalmente puidesen corresponder ou ser asignadas a dito persoal laboral en virtude da súa categoría.

A partir do presente proceso selectivo, constitúese igualmente Bolsa de Emprego para o posto de Capataz Electricista.

As retribucións serán as establecidas no Orzamento vixente e quedará suxeito ao réxime de incompatibilidade vixente.

O horario e as funcións a desempeñar no posto de traballo realizaranse no horario legalmente establecido, coa flexibilidade que requira o servizo para o mellor funcionamento do mesmo.

A realización deste procedemento rexeráse polo previsto nestas Bases e anexos correspondentes, e, na súa falta, estarase ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 30/84, de 2 de agosto, Real Decreto 896/1991, de 7 de Xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado e por calquera outras disposicións aplicables.

II. Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir, antes de que termine o último día de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou estar incurso nalgún dos supostos previstos no art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións para as que se contrata.
- d) Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin acharse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- e) Estar en posesión de algún dos seguintes títulos: Técnico en instalacións eléctricas e automáticas, formación profesional de primeiro grao da rama de electricidade, ciclo formativo de grao medio ou superior en rama de electricidade, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.
- f) Ingresar na conta ES97 2080 0135 5631 1000 0018 a nome do Concello da Pobra do Brollón a taxa por dereitos de exame por importe de 20,00€ prevista na ordenanza municipal reguladora da pola participación en procesos selectivos para o nomeamento de persoal funcionario ou contratación de persoal laboral fixo. En ningún caso o ingreso da citada cantidade suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. Só procederá a devolución do importe satisfeito polo /a aspirante cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos declárense indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.
- G) Estar en posesión do permiso de circulación C

Os requisitos establecidos na Base anterior, así como aqueles outros que puidesen recollese nos anexos respectivos, deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse até a contratación como persoal laboral fixo.

III. Solicitudes.

Quen desexe tomar parte nestas probas selectivas, deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, que lles serán facilitadas polo Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón e na sede electrónica do concello <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>

As solicitudes acompañaranse:

- *Instancia.*
- *Fotocopia do DNI.*
- *Xustificante de pago da taxa.*
- *Certificado CELGA 2 ou equivalente.*

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Concello da Pobra do Brollón ou conforme ao disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada. De non ser así non poderá estimarse como presentada en data.

Establécese un prazo de presentación de solicitudes de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación de anuncio da convocatoria no BOE.

As persoas con discapacidade deberán achegar á solicitude de participación nas probas selectivas a acreditación de tal condición así como do tipo de discapacidade que posúe, conxuntamente coa declaración das adaptacións de tempo, medios e doutra natureza que considere necesarias para a realización das devanditas probas.

IV. Admisión de candidatos.

Finalizado o prazo de presentación de instancias e comprobado que os aspirantes reúnen os requisitos necesarios para acceder á convocatoria, o Sr. Alcalde aprobará a relación provisional de admitidos e excluídos, xunto coa causa de exclusión, que se publicará no Taboleiro Municipal de Edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0.es> a efectos de reclamacións e subsanación de erros, no prazo de 10 días hábiles.

As reclamacións e subsanacións, se as houbese, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que será publicada na forma antes indicada. No caso de que non existan aspirantes excluídos ou non se presenten reclamacións nin subsanacións a lista provisional será elevada automaticamente a definitiva.

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos e na páxina web municipal.

De acordo co establecido na Lei 13/1982, de 7 de abril, serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes. Só poderán establecerse exclusións por limitacións psíquicas e físicas nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización. Na solicitude de participación, os interesados deberán formular a

petición correspondente, especificando en que consiste concretamente a adaptación. Corresponderá aos interesados, no momento de solicitar tomar parte nas probas selectivas, acreditar documentalmente, a través do Organismo competente, a súa condición de discapacitado, e posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao 33 por 100, debendo achegar ademais ditame técnico facultativo. A compatibilidade para o desempeño das tarefas e funcións propias da praza ás que se opta, haberá de acreditarse por Certificación Médica oficial.

V. Tribunal.

O Tribunal Cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vocais e un Secretario e os seus respectivos suplentes.

a) Presidente: O secretario interventor do concello.

b) Vogais: Catro funcionarios de carreira ou laborais fixos a designar pola persoa titular da Alcaldía

c) Secretario: Un dos vogais actuará como secretario do tribunal.

A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A súa composición deberá cumprir o estipulado no artigo 60 Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os membros do tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal constituirase de acordo co establecido no artigo 17 da indicada Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e as decisións adoptaranse por maioría dos votos presentes, resolvendo en caso de empate, o voto do que actúe como Presidente, sendo secretos os seus acordos e deliberacións.

O Tribunal quedará facultado para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das Bases, para decidir respecto do non contemplado nas mesmas, para incorporar especialistas naquelas probas cuxo contido requira o asesoramento técnico dos mesmos, quen actuarán con voz pero sen voto, podendo, igualmente e para un mellor desenvolvemento dos exercicios, constituír, por concorrer ás probas un elevado número de aspirantes, diferentes grupos destes someténdoselles á realización de exercicios de similar contido en consonancia coa titulación académica esixida na convocatoria e programa da mesma, para establecer probas adicionais ás que figuren na convocatoria en caso de producirse empates de puntuación entre os aspirantes, así como para establecer a realización de probas diferentes para os aspirantes que concorran pola quenda das persoas con discapacidade en función das distintas discapacidades que estas presenten, a condición de que ditas probas permitan demostrar os coñecementos teórico prácticos necesarios e suficientes para o desempeño do posto convocado, contando para iso co asesoramento de persoal técnico e especializado en orde á confección e desenvolvemento das probas a que se lles poderá someter, podendo fixar así mesmo datas diferentes para a realización das mesmas.

VI. Desenvolvemento dos Exercicios.

O procedemento de selección dos/as aspirantes será o de oposición libre e constará de catro exercicios.

Primeiro Exercicio: Obrigatorio, eliminatorio e cualificable de 0 a 4 puntos.

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario, fixado polo el Tribunal, de 20 preguntas cortas e 5 de reserva, con catro opcións de resposta, das cales só unha será a correcta.

A duración deste exercicio non excederá dunha hora.

A cualificación de este exercicio será de 0 a 4 puntos debendo obterse un mínimo de 2 puntos para superar o mesmo.

A cualificación do seu exercicio será a correspondente de aplicar o seguinte criterio: cada resposta correctamente acertada puntuará 0,20 puntos. As respostas erróneas computarán unha penalización de 0,08 puntos. As preguntas non contestadas non suporán penalización.

Serán considerados aptos nesta proba os opositores que superen a nota de corte, establecida inicialmente en 2 puntos.

Os aspirantes terán dereito a obter unha copia da súa folla de respostas; igualmente poderán retirar o cuestionario sempre que o exercicio se realice nun único chamamento.

Segundo Exercicio: Obrigatorio, eliminatorio e cualificable de 0 a 4 puntos.

Consistirá en dar solución por escrito, a un ou varios supostos prácticos, relacionados coas funcións propias do posto de traballo e/ou as materias do programa incluído no Anexo I, durante un tempo máximo dunha hora.

Esta proba práctica terá unha valoración máxima de 4 puntos, sobre o contido dos temas relacionados no Anexo I destas Bases A cualificación de este exercicio será de 0 a 4 puntos debendo obterse un mínimo de 2 puntos para superalo mesmo.

Nesta proba valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

Terceiro exercicio: consistirá nunha Entrevista curricular, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá nun encontro co tribunal cualificador no que este plantexará preguntas ó/á aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o contido do programa.

Nesta proba valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

A proba valorarase cun máximo de dous puntos.

Cuarto exercicio:, consistirá nunha proba de coñecemento da lingua galega.

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego e/ou galego - castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 2 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

O cuestionario e o ou os supostos prácticos, serán elaborados polo Tribunal Cualificador o mesmo día da celebración, e versarán sobre as materias contidas no temario do programa da convocatoria.

A cualificación final da oposición, será a suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios, sendo 10 puntos a máxima puntuación que poderían conseguir os aspirantes.

As cualificacións das probas faranse públicas no taboleiro de edictos da Corporación ou poderán consultarse na páxina web Concello da Pobra do Brollón.

Os interesados disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para impugnar calquera das preguntas integrantes dos cuestionarios ou presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Poderá non respectarse o prazo mínimo de 48 horas entre a realización dun ou varios exercicios.

VII. Nomeamento/proposta de contratación.

Proposta de selección, presentación de documentos e nomeamento.

Concluídas as probas, o Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación a relación de aspirantes aprobados por orde de puntuación. Co fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento/ contratación ou toma de posesión ou a persoa inicialmente proposta non sexa nomeada/contratada ou, de selo, non tomase posesión en forma/ se contrate, entenderase feita a proposta en favor do aspirante que, obtendo superando os exercicios eliminatorios do proceso selectivo alcanzase a segunda mellor puntuación total e así sucesivamente.

Do mesmo xeito actuarase no caso de que algún aspirante fose excluído por non presentación ou falsidade na documentación ou cesase por calquera das causas previstas en Dereito, sen que teña que reunirse novamente o Tribunal para a proposta.

O aspirante proposto polo Tribunal achegará ante o Concello, dentro do prazo de cinco días hábiles, contados desde a data en que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na Convocatoria así como declaración xurada de non acharse incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación vixente.

O cumprimento do requisito C) da base terceira haberá de acreditarse a través de Certificación Medica Oficial.

Se dentro do prazo establecido e salvo causa de forza maior, o aspirante proposto non presentase a documentación esixida non poderá ser nomeado/ contratado e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na instancia.

Unha vez presentada a documentación polo candidato proposto, se esta achácese conforme ao establecido nas bases, será nomeado/aprobada a súa contratación polo Alcalde-Presidente como persoal laboral fixo.

Para participar nesta convocatoria establécense os dereitos de exame indicados no Anexo que deberán ser ingresados na conta que este Concello mantén na sucursal de ABANCA na Pobra do Brollón ES97 2080 0135

5631 1000 0018. Aqueles aspirantes que resulten definitivamente excluídos non terán dereito á devolución do importe ingresado

VIII. Recursos

Contra as presentes Bases poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o órgano que aprobou as Bases no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa última publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente desde o día seguinte ao da súa última publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, todo iso de conformidade cos artigos 114.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interposición de recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

IX. Igualdade.

Faise constar expresamente que calquera termo xenérico referente a persoas, como opositor, aspirante, funcionario, etc. debe entenderse en sentido comprensivo de ambos os sexos.

X. Publicidade dos trámites.

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de anuncios do Concello e na sede electrónica.

ANEXO II

TEMARIO:

Materias comúns:

1. A Constitución Española de 1978. Características, estrutura, contido e principios xerais. Os dereitos fundamentais e liberdades públicas dos cidadáns na Constitución Española de 1978.
2. O persoal ó servizo das entidades locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos.
3. Conceptos básico de réxime local. O municipio, o termo municipal, a poboación municipal e as competencias municipais.
4. O Regulamento orgánico do Concello da Pobra do Brollón.
5. O texto refundido do Estatuto dos Traballadores. Dereitos e deberes dos traballadores públicos.
6. Coñecemento do termo municipal da Pobra do Brollón: rueiro, parroquias e lugares. Comunicacions por estradas.

Materias específicas

7. Principios básicos de Prevención de Riscos Laborais. Normativa legal. Modalidades de organización da prevención na empresa. Xestión da actividade preventiva.
8. A igualdade de xénero: conceptos e normativa.
9. O Regulamento electrónico de baixa tensión.
10. Redes aéreas para distribución de baixa tensión.
11. Redes subterráneas para distribución de baixa tensión.
12. Instalacións en locais de pública concorrencia.
13. Instalacións de posta a terra e iluminación exterior.
14. Instalacións interiores ou receptoras.
15. Instalacións con fins especiais. Piscinas e fontes.
16. Instalacións con fins especiais. Instalacións
17. provisionais e temporais de obra.
18. Instalacións de receptores. Receptores para iluminación.
19. Compoñentes das instalacións de iluminación pública.
20. Compoñentes das instalacións interiores de libre concorrencia.

A Pobra do Brollón, 23 de marzo de 2023.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1021

RIBADEO

Anuncio

Expediente núm. 3652/2022

Resolución de Alcaldía núm. 2023-273 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo de estabilización de emprego se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-273 de data 28 de marzo de 2023, una vez concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
Pérez Mon, María	**3398**

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Servicios Xerais.
Ide. Posto	0002 RPT
Denominación do posto	Técnico de xestión
Natureza	Funcionario de carreira
Nomeamento	28/03/2023
Escala	Administración Xeral
Subescala	Xestión
Clase/Especialidade	Técnica de Xestión
Grupo/Subgrupo	A/A2

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 3 de abril de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 1022

RIBAS DE SIL*Anuncio*

O Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 04/04/2023 aprobou inicialmente o orzamento municipal do Concello de Ribas de Sil para o exercicio 2023.

De acordo co disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais disposicións concordantes, o dito expediente expónse ao público na Secretaría-Intervención do Concello, polo prazo de 15 días hábiles -que empezará a contarse a partir do seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín oficial da Provincia-, coa finalidade de que durante o dito prazo as persoas interesadas poidan examinalo e presentar as reclamacións que consideren pertinentes, que deberán dirixir á Alcaldía e que deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación.

No suposto de que non se presenten reclamacións, o orzamento entenderase definitivamente aprobado.

Ribas de Sil, 4 de abril de 2023.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1047

SAMOS*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 02.03.2023 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 2º trimestre de 2021, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en Abanca, noutro caso.

Fixase como período de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o período de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 22 de marzo de 2023.- ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 1023

SARRIA*Anuncio*

O día 04/04/2023, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2022-0480, aprobou a **convocatoria e bases do premio “Fiz Vergara Vilariño 2023” co seguinte contido:**

XXIII PREMIO DE POESÍA FIZ VERGARA VILARIÑO.

- O Concello de Sarria coa colaboración da Agrupación Cultural Ergueitos convocan o XXIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño 2023.
- As obras presentadas deben estar escritas en lingua galega. A escolla ortográfica de cada obra presentada non será obxecto de valoración por parte do xurado.

- A extensión mínima será de 500 versos. Os orixinais deberán ser inéditos e non premiados en ningún outro certame.
- Os traballos presentaranse por cuadruplicado en exemplares separados, grampados ou encadernados, en tamaño DIN A4 escritos por unha soa cara. Acompañaranse dun sobre pechado no que conste o título ou lema da obra no exterior, contendo no interior o nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do documento de identidade, enderezo, teléfono e correo electrónico. Enviaranse por correo certificado a :

XXIII PREMIO DE POESÍA FIZ VERGARA VILARIÑO,

Concello de Sarria , rúa Maior 14, 27600 Sarria.

O prazo para a súa presentación será de 60 días naturais dende o día seguinte a publicación no BOP de Lugo.

- Establécese un único premio indivisíbel dotado con 6.000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente. O xurado poderá deixar deserto o premio se considera que as obras presentadas non acadan unha mínima calidade.
- O xurado estará composto por persoas de prestixio no mundo da creación ou a crítica literaria. Actuarán como Secretaria a Presidenta da Agrupación Cultural Ergueitas e como Presidenta a Concelleira de Cultura de Sarria, as dúas con voz e sen voto. A decisión do xurado será inapelable e será dada a coñecer antes do 30 de decembro de 2023.
- A obra premiada será propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición que será publicada pola Editorial Espiral Maior. En posteriores edicións farase constar a condición de Premiada no "XXIII PREMIO DE POESÍA FIZ VERGARA VILARIÑO".
- Os orixinais non premiados non serán devoltos e serán destruídos. Logo de feito público o ditame a organización poderá abrir as plicas das obras non premiadas para promover as seguintes edicións do premio, agás indicación do contrario no exterior do sobre. Non se manterá correspondencia cos autores e autoras.
- A interpretación destas bases correspóndelle ao xurado. A participación no certame implica a súa aceptación.

Sarria, 4 de abril de 2023.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1024

O SAVIÑAO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL para o exercicio 2023 (Expte. 1159/2022).

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de O Saviñao (Lugo), en sesión celebrada o día 31 de marzo de 2023, o orzamento municipal para o exercicio 2023, así como a documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

O Saviñao, 4 de abril de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1025

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do concello de O Saviñao, en sesión celebrada o día 31 de marzo de 2023, aprobou inicialmente o expediente de Modificación de Créditos, na modalidade de Suplemento de Crédito (Expediente 352/2023), con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 127.741,99 euros, destinado a atender gastos proveñentes do exercicio 2022. O expediente exponse ao público na Secretaría deste concello, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no BOP de Lugo, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de 1 mes para resolvelas.

O Saviñao, 4 de abril de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1026

TRIACASTELA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de 03 de abril de 2023, foron aprobadas as bases para a constitución de unha bolsa de traballo por concurso-oposición (persoal laboral temporal):

- Auxiliar de axuda no fogar/asistente domiciliario

Duración dos contratos: en función dos períodos de vacacións ou incapacidades temporais dos/as traballadores/ras a substituir.

Prazo de presentación de solicitudes: nos sete (7) días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres e na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Mais información nas bases da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela e na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 3 de abril de 2023.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1027

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días**, as **“Bases do XLIX Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba 2023”**, que se aprobaron por xunta de goberno local, o día 03/04/2023, cón obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

Ditas bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba

<https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 3 de abril do 2023.- A alcaldesa, M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 1028

Anuncio

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2023, adoptaba acordo de aprobación inicial da modificación dos artigos 41, 42 e 43 das bases de execución do orzamento prorrogado do exercicio 2023, Relación nominal de subvencións.

De conformidade co preceptuado no art. 169 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, expónse ao público durante o prazo de 15 días hábiles, o expediente 1240/2023 -Subvencións nominativas a Asociacións Municipais previstas nos orzamentos do ano 2023-, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio, os interesados poidan examinar o expediente, e/ou presentar as reclamacións ou alegacións que estimen oportunas, ante o Pleno.

No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do real Decreto Lexislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 do dito artigo.

Vilalba, a 4 de abril de 2023.- A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 1029

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días hábiles**, o expediente da **“Ordenanza Xeral reguladora das subvencións e axudas do Concello de Vilalba (núm. 67)”**, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **30/03/2023**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 4 de abril 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1030

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días hábiles**, o expediente do **“Regulamento do comedor escolas da Escola Infantil de Vilalba”**, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **30/03/2023**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 4 de abril 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1031

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), expónse ó público, durante o prazo de **30 días hábiles**, a modificación da **“ordenanza fiscal núm. 3, reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana”**, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **30/03/2023**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 4 de abril 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1048

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días**, as **“Bases do Certame de Microrrelatos Día do Libro 2023”**, que se aprobaron por decreto de alcaldía nº 193 o día **04/04/2023**, có obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten os seus relatos en lingua galega.

Ditas bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba

<https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 5 de abril do 2023.- A alcaldesa, M^a Elba Veleiro Fernández

R. 1049

XERMADE*Anuncio***Asunto: nomeamento funcionaria interina e aprobación da bolsa de emprego**

Por Decreto da Alcaldía núm. 2023-0067 de data 28/02/2023 acordouse nomear funcionaria interina, consonte ao art. 10.1.a) do RD Lex. 5/2015, na praza de auxiliar administrativo (AUX-04), a xornada completa, dende o

01/03/2023 ata a cobertura da vacante por persoal funcionario de carreira, a Miriam Alonso Domínguez, con DNI 33***917H. Asemade, aprobouse a bolsa de emprego para nomeamentos interinos para a cobertura de vacantes na praza de auxiliar administrativo, integrada polas seguintes aspirantes que superaron o proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	DNI	1ª proba	Caso práctico 1	Caso práctico 2	Puntuación total
ALONSO DOMÍNGUEZ, MIRIAM	33***917H	3,40	1,90	1,60	6,90
SEIXIDO GÓMEZ, ANA BELÉN	32***486Y	2,90	1,50	2,40	6,80
FORNOS LOPEZ, MARIA DEL MAR	76***755G	3,10	1,70	1,50	6,30
JARES ALVAREZ, NURIA	76***924A	3,30	2,00	2,70	8,00

A bolsa de emprego terá unha vixencia de dous anos dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Xermade, 4 de abril de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1032

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIONES OTORGADAS.

EXP A/27/23485 y A/27/23227.

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para general conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/23485	Ferreiros Martínez, S.C.	Aprovechamiento de agua de los manantiales conocidos como Extremadoiro, en parcela 22 del polígono 5, en Logares y Cancelas, en el T.M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a uso ganadero	21/03/2023
A/27/23227	Obras y Servicios Colsa, S. L.	Aprovechamiento de agua del manantial Rego das Vilas en Paradanova, en el T.M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a abastecimiento a vivienda y riego	28/03/2023

EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Maria del Rosario San Martín Álvarez.

R. 0992

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/04141/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D.ª Josefa Rodríguez Rodríguez

Nombre del río o corriente: Pozo de Telo

Punto localización: Lugar de Mazos, parroquia de San Martín de Neira de Rei

Término municipal y provincia: Baralla, Lugo

Caudal concedido: 0,26 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 06 de julio de 1998

Registro de Aguas: 7904, Sección A, en el Tomo 0080, hoja número 004

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Baralla** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0993

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/T-3617/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Arturo López López

Nombre del río o corriente: Pozo Condomiña

Punto localización: Santa Cristrina

Término municipal y provincia: Paradela, Lugo

Caudal concedido: 0,1160 l/s

Destino: Uso doméstico y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 06 de octubre de 1993

Registro de Aguas: 8185, Sección C, en el Tomo 0042, hoja número 185

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por interrupción permanente de la explotación del aprovechamiento durante tres años consecutivos, por causas imputables al titular. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Paradela** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0994

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente:** A/27/T-2876/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Salvador Vázquez Quintela

Nombre del río o corriente: Manantial Peniña

Punto localización: Fazai, San Martiño de Carballido

Término municipal y provincia: Lugo, Lugo

Caudal concedido: 0,08 l/s

Destino: Uso ganadero y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 06 de octubre de 1993

Registro de Aguas: 7501, Sección C, en el Tomo 0039, hoja número 101

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por interrupción permanente de la explotación del aprovechamiento durante tres años consecutivos, por causas imputables al titular. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0995